

Espiral Maior recompila por primeira vez en 'O cristal da sede' a creación poética de Henrique Rabuñal. Este libro recolle os poemas incluídos en dous textos anteriores: 'Poemas da luz e da loucura' e 'O tempo demorado nos marmelos'. Engade, ademais, cinco obras inéditas: 'O país que veu do chapapote', 'A xema dos confíns', 'Noticia da morte', 'Humus e grito' e 'últimas palabras reveladas'. 'Poemas da luz e da loucura' é, segundo sinala Teresa Seara na introdución crítica do recompilatorio de Espiral Maior, un exercicio de introspección no que o un eu inseguro lidia coa súa loucura procurando a luz da certeza. Despois dos primeiros poemas, a temática diversifícase explorando as luces e sombras da existencia humana: as vivencias máis plenas e a dureza dos peores momentos. Rabuñal extrapola sentimentos vinculados á casa natal, ó país e á lingua. O soño artella tamén a poética deste autor: soño do amor, da patria liberada, de vencer a morte ou da pervivencia da lingua, entre outros. Henrique Rabuñal é non só poeta, senón tamén narrador, dramaturgo, ensaísta, investigador... e, sobre todo, galego comprometido coa súa cultura.

